Convocatoria extraordinaria e urxente para seleccionar entre o profesorado da Universidade da Coruña a persoa que cubrirá a praza de titular 1 do Comité de Avaliación Docente (CAD) da rama de Artes e Humanidades, no marco da XV convocatoria do Programa DOCENTIA

PREÁMBULO 1
CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS 2
Artigo 1. Obxecto da convocatoria 2
Artigo 2. Prazas convocadas 2
Artigo 3. Funcións e responsabilidades dos Comités de Avaliación Docente 3
CAPÍTULO II. SELECCIÓN DAS PERSOAS CANDIDATAS 3
Artigo 4. Presentación de solicitudes 3
Artigo 5. Requisitos das persoas solicitantes 3
Artigo 6. Criterios de valoración 3
Artigo 7. Incompatibilidades 4
CAPÍTULO III. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN 5
Artigo 8. Comisión de selección 5
Artigo 9. Procedemento de selección 5
Artigo 10. Nomeamento e vixencia 6
CAPÍTULO IV. DEREITOS E DEBERES DAS PERSOAS AVALIADORAS 6
Artigo 11. Retribucións 6
Artigo 12. Incumprimento das funcións e responsabilidades 6
Artigo 13. Protección de datos persoais 6
Disposición adicional única. Información 7
Disposición final primeira. Habilitación 7
Disposición final segunda. Recursos 7
Disposición final terceira. Entrada en vigor 7

PREÁMBULO

De acordo co disposto no apartado 5.2.2.2 da edición vixente do Manual para a avaliación docente do profesorado da UDC, aprobada polo Consello de Goberno da UDC na súa reunión do 28 de abril de 2026, a Universidade da Coruña (UDC) publicou no mes de xullo de 2026 a VIII convocatoria para seleccionar o profesorado da UDC que formará parte dos Comités de Avaliación Docente (CAD) no marco das XV e XVI convocatorias do Programa DOCENTIA.

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: N9EV89BTSMFLC2CO75EUR2C6
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 10/11/2026 13:39:20 Página 1 de un total de 10 página(s).

Nesta convocatoria ofertáronse dúas prazas de vogal interno/a para cada unha das cinco ramas de coñecemento, entre elas a de Artes e Humanidades.

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes e tras realizar a valoración das solicitudes que se recibiran, a CIU publicou a resolución provisional e abriuse un prazo de reclamacións á dita resolución.

Tras resolver as reclamacións que presentou o profesorado, a CIU publicou a resolución definitiva en que figuraban as persoas titulares e suplentes que forman parte, como vogais internas, dos CAD das cinco ramas de coñecemento. No caso da rama de Artes e Humanidades só se cubriu a praza de titular 1, xa que a outra persoa solicitante foi excluía por non cumprir un dos requisitos establecidos na VIII convocatoria.

Actualmente, e por causas sobrevidas, a persoa designada como vogal interna titular 1 do CAD rama de Artes e Humanidades non poderá desempeñar as funcións correspondentes a esta condición no marco da XV convocatoria do Programa DOCENTIA.

Debido a esta circunstancia, e tendo en conta que o calendario da XV convocatoria do Programa DOCENTIA establece que os CAD deben realizar a avaliación entre o 6 de novembro e o 16 de decembro de 2026, e que a CIU debe notificar as resolucións finais como máximo o 29 de decembro de 2026, resulta necesario cubrir esta praza coa maior urxencia para garantir o desenvolvemento do proceso de avaliación nos prazos establecidos e evitar os posibles prexuízos que un atraso na súa resolución lle podería ocasionar ao profesorado que se avalía.

A CIU publica esta convocatoria extraordinaria e urxente para seleccionar entre o profesorado da UDC a persoa que cubrirá a praza de titular 1 do Comité de Avaliación Docente da rama de Artes e Humanidades no marco da XV convocatoria do Programa DOCENTIA.

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto da convocatoria

Esta convocatoria ten por obxecto seleccionar entre o profesorado da UDC a persoa que se incorporará como vogal interna ao Comité de Avaliación Docente (CAD) da rama de Artes e Humanidades para cubrir a praza de titular 1 no marco da XV convocatoria do Programa Docentia.

Artigo 2. Prazas convocadas

Convócase unha praza de vogal interno/a do CAD da rama de Artes e Humanidades, coa condición de titular para a XV convocatoria do Programa DOCENTIA.

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: N9EV89BTSMFLC2CO75EUR2C6
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 10/11/2026 13:39:20 Página 2 de un total de 10 página(s).

Artigo 3. Funcións e responsabilidades dos Comités de Avaliación Docente

As funcións e responsabilidades dos CAD serán as establecidas no *Manual do programa Docentia* que resulte de aplicación na XV convocatoria do Programa Docentia e que está publicado na páxina web da UTC.

CAPÍTULO II. SELECCIÓN DAS PERSOAS CANDIDATAS

Artigo 4. Presentación de solicitudes

1. O profesorado interesado debe presentar a súa solicitude de participación mediante o modelo que figura como anexo I, a través do Rexistro electrónico da UDC, dirixida á Unidade Técnica de Calidade (UTC).
2. O prazo de presentación de solicitudes é de cinco días hábiles que contan a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC.
3. Coa solicitude debe achegar a documentación acreditativa dos méritos que figuran nos apartados b)2., b)3. e b)4. do artigo 6 desta convocatoria, porque a UTC non dispón destes.
4. Cada solicitante poderá presentar a súa candidatura exclusivamente para cubrir a praza de titular 1 do CAD da rama de Artes e Humanidades, sempre que fose avaliada previamente neste CAD mediante o Programa DOCENTIA.
5. A presentación da solicitude implica a aceptación das bases desta convocatoria e do procedemento regulado na 16ª edición do Manual do Programa Docentia.

Artigo 5. Requisitos das persoas solicitantes

As persoas solicitantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ser profesor/a permanente da UDC a tempo completo e contar con, polo menos, 10 cursos académicos de experiencia docente universitaria.

b) Ser avaliado/a satisfactoriamente mediante o Programa Docentia da UDC.

c) Ter actualizada a súa avaliación docente a través do Programa Docentia da UDC.

d) Non formar parte dos CAD do Programa Docentia en máis de dúas convocatorias, agás que transcorreran, cando menos, 6 anos desde a súa última participación.

e) Non estar desempeñando o cargo de decano/a ou director/a de centro nin de director/a de departamento da UDC durante a vixencia desta convocatoria.

Artigo 6. Criterios de valoración

A valoración das solicitudes realizarase ata un máximo de 100 puntos, de acordo cos seguintes criterios:

a) Avaliación mediante o Programa Docentia (ata 70 puntos)

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: N9EV89BTSMFLC2CO75EUR2C6
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 10/11/2026 13:39:20 Página 3 de un total de 10 página(s).

1. Número de avaliacións docentes con resultado de desempeño aceptable, notable ou excelente: 8 puntos por cada avaliación.
2. Valorarase o resultado da **última avaliación docente**, de acordo coas seguintes puntuacións:
   - Desempeño aceptable/favorable: 10 puntos
   - Desempeño notable: 15 puntos
   - Desempeño excelente/moi favorable: 22 puntos
   - Certificado de excelencia (desempeño excelente/moi favorable nas tres dimensións): 2 puntos adicionais
3. Valoraranse os resultados das **anteriores avaliacións docentes,** de acordo coas seguintes puntuacións:
   - Desempeño aceptable/favorable: 2 puntos por avaliación
   - Desempeño notable: 3 puntos por avaliación
   - Desempeño excelente/moi favorable: 4 puntos por avaliación
   - Certificado de excelencia (desempeño excelente/moi favorable nas tres dimensións): 2 puntos adicionais por avaliación.

b) Experiencia en actividades de avaliación e de xestión (ata 30 puntos)

1. Por formar parte dos CAD do Programa Docentia da UDC: 7,5 puntos por convocatoria, ata un máximo de 15 puntos.
2. Por desempeñar nos últimos cinco anos algún dos cargos de coordinación académica que figuran no Acordo do Consello de Goberno, do 30 de setembro de 2025, polo que se aproba a Normativa que regula as figuras de coordinación académica das titulacións oficiais de grao e máster da UDC, a excepción da figura de coordinador/a de materia ou por formar parte da Comisión de Garantía de Calidade dun centro propio da UDC: 2 puntos por cada ano ou a parte proporcional correspondente.
3. Por desenvolver funcións de avaliación da actividade docente do profesorado no marco do Programa Docentia ou de programas análogos doutras universidades ou axencias de calidade nos últimos cinco anos: 0,5 puntos por convocatoria.
4. Por formar parte de comisións ou paneis de avaliación de títulos oficiais en universidades ou axencias de calidade nos últimos cinco anos: 0,5 puntos por proceso de avaliación.

En caso de empate na puntuación final daráselle prioridade á composición equilibrada entre mulleres e homes no CAD. De persistir o empate, procurarase a presenza de profesorado de diferentes áreas de coñecemento e categorías.

Artigo 7. Incompatibilidades

De conformidade co disposto no artigo 23.2.a) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público:

O profesorado que foi admitido para ser avaliado na XV convocatoria do Programa Docentia da UDC non poderá ser seleccionado como vogal interno/a para cubrir esta

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: N9EV89BTSMFLC2CO75EUR2C6
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 10/11/2026 13:39:20 Página 4 de un total de 10 página(s).

praza de titular 1 do CAD da rama de Artes e Humanidades ao abeiro desta convocatoria.

CAPÍTULO III. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

Artigo 8. Comisión de selección

1. A selección do/a vogal interno/a será realizada pola Comisión Interna de Universidade (CIU), composta por:
a) Presidencia: vicerreitor de Titulacións e Internacionalización

b) Secretaría: persoa técnica da UTC (que actuará con voz pero sen voto)

c) Vogalías:

− vicerreitor de Profesorado

− adxunta de Organización Académica e Calidade

− xefatura da UTC

− cinco persoas docentes das seguintes ramas: Artes e Humanidades, Ciencias da Saúde, Ciencias, Ciencias Sociais e Xurídicas e Enxeñaría e Arquitectura

− dúas persoas representantes do estudantado

− unha persoa representante sindical do persoal docente e investigador (PDI).

2. A composición detallada das persoas que compoñen a dita Comisión está dispoñible na seguinte páxina web: https://www.udc.es/gl/utc/docentia/

Artigo 9. Procedemento de selección

1. Unha vez que finalice o prazo de presentación de solicitudes, a UTC comprobará que as persoas solicitantes cumpren os requisitos e valorará os méritos conforme ao establecido no artigo 6 desta convocatoria.
2. A CIU, á vista da proposta elaborada pola UTC, aprobará a resolución provisional das persoas seleccionadas.
3. A CIU publicará no Taboleiro electrónico oficial (TEO) da UDC e na páxina web da UTC a resolución provisional coa relación de persoas admitidas e excluídas e a causa da súa exclusión.
4. Contra a resolución provisional as persoas interesadas poderán presentar unha reclamación ante a CIU no prazo de cinco días hábiles, que contan a partir do día seguinte da súa publicación.
5. Unha vez resoltas as reclamacións, a CIU publicará no TEO e na páxina web da UTC a resolución definitiva coa relación da persoa admitida e das excluídas.
6. No caso de que antes da publicación da resolución provisional desaparezan as circunstancias sobrevidas que motivaron esta convocatoria, como consecuencia da reincorporación da persoa titular 1 inicialmente designada, a CIU poderá acordar a finalización do procedemento de selección sen efectuar un novo nomeamento. O dito acordo publicarase no TEO da UDC.

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: N9EV89BTSMFLC2CO75EUR2C6
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 10/11/2026 13:39:20 Página 5 de un total de 10 página(s).

Artigo 10. Nomeamento e vixencia

1. A CIU enviaralle á persoa titular da Reitoría da Universidade a proposta de nomeamento da persoa seleccionada como vogal interno/a para cubrir a praza de titular 1 do CAD da rama de Artes e Humanidades.
2. O nomeamento terá vixencia durante o desenvolvemento da XV do Programa Docentia da UDC.

CAPÍTULO IV. DEREITOS E DEBERES DAS PERSOAS AVALIADORAS

Artigo 11. Retribucións

A persoa seleccionada percibirá as retribucións establecidas pola ACSUG para este programa, de acordo coa seguinte táboa:

Participación	Duración da xornada de traballo presencial (reunión de consenso)			Importe por expediente avaliado
	Inferior a 6 h	Entre 6 e 8 h	Maior de 8 h	
300 € brutos	100 € brutos	150 € brutos	200 € brutos	25 €

Artigo 12. Incumprimento das funcións e responsabilidades

1. A persoa seleccionada como vogal interno/a do CAD deberá cumprir as funcións e responsabilidades establecidas na 16ª edición *do Manual para a avaliación da actividade docente do profesorado da UDC*.

2. Se constan evidencias documentais do incumprimento destas funcións e responsabilidades por parte da persoa selecciona como vogal interna a CIU, tras a súa análise, emitirá un acordo do incumprimento que lle remitirá á dita persoa, como consecuencia disto, a persoa non poderá formar parte dos CAD ata que transcorran seis anos desde a data de notificación da CIU.

Artigo 13. Protección de datos persoais

1. De conformidade co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, sobre a protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación dos ditos datos (RXPD), e o artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), infórmase de que os datos que facilite a persoa interesada mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da UDC, cos seguintes datos de contacto: rúa Mestranza 9, 15001 A Coruña, correo electrónico: rpd@udc.gal.

2. A finalidade do tratamento destes datos persoais é a xestión desta convocatoria. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 LOPD. Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade, sen prexuízo da súa conservación en relación coa posible esixencia de responsabilidades legais.

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: N9EV89BTSMFLC2CO75EUR2C6
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 10/11/2026 13:39:20 Página 6 de un total de 10 página(s).

3. Os datos persoais que faciliten as persoas solicitantes conservaranse durante o tempo necesario para os fins do tratamento e, en todo caso, durante os prazos que estableza a lexislación vixente, sen prexuízo do exercicio do dereito de supresión e demais dereitos previstos na LOPD.

4. As persoas interesadas consenten no tratamento dos seus datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terán dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efecto retroactivo. Poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade e limitación do tratamento dos seus datos persoais, nos termos previstos na lexislación vixente, sen prexuízo do exercicio do dereito de supresión e demais dereitos previstos na LOPD.

Disposición adicional única. Información

1. As persoas interesadas poderán solicitar información no enderezo de correo electrónico docentia@udc.es ou nas extensións telefónicas 1052, 1069, 1063, 1046 e 2303.
A documentación íntegra do Programa Docentia está dispoñible na páxina web da UTC.

Disposición final primeira. Habilitación

Habilítase á Comisión Interna de Universidade para interpretar e resolver as dúbidas que poidan xurdir na aplicación desta convocatoria.

Disposición final segunda. Recursos

Contra esta convocatoria poderase interpoñer un recurso de alzada, no prazo dun mes, ante a reitora ou reitor, segundo o disposto nos arts. 112 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Este prazo contará a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no TEO da UDC.

Disposición final terceira. Entrada en vigor

Esta convocatoria entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no TEO da UDC.

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: N9EV89BTSMFLC2CO75EUR2C6
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 10/11/2026 13:39:20 Página 7 de un total de 10 página(s).

A CIU, na súa sesión do 10 de novembro de 2026, acorda aprobar a convocatoria extraordinaria e urxente para seleccionar entre o profesorado da UDC a persoa que cubrirá a praza de titular 1 do Comité de Avaliación Docente da rama de Artes e Humanidades, no marco da XV convocatoria do Programa DOCENTIA

Asinado dixitalmente
O presidente da CIU

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: N9EV89BTSMFLC2CO75EUR2C6
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 10/11/2026 13:39:20 Página 8 de un total de 10 página(s).

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: N9EV89BTSMFLC2CO75EUR2C6
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 10/11/2026 13:39:20 Página 9 de un total de 10 página(s).

ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN PARA SELECCIONAR ENTRE O PROFESORADO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA A PERSOA QUE CUBRIRÁ A PRAZA DE TITULAR 1 DO COMITÉ DE AVALIACIÓN DOCENTE DA RAMA DE ARTES E HUMANIDADES, NO MARCO DA XV CONVOCATORIA DO PROGRAMA DOCENTIA

Cada solicitante poderá presentar a súa candidatura exclusivamente para cubrir a praza de titular 1 do Comité de Avaliación Docente (CAD) da rama de Artes e Humanidades, sempre que fose avaliada previamente neste CAD mediante o Programa DOCENTIA.

DATOS PERSOAIS

Apelidos e nome

NIF

Categoría/corpo

Centro

Departamento

Área de coñecemento

Correo electrónico

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

☐ Acreditación conforme nos últimos cinco anos desempeñou algún dos cargos de coordinación académica que figuran no Acordo do Consello de Goberno, do 30 de setembro de 2025, polo que se aproba a Normativa que regula as figuras de coordinación académica das titulacións oficiais de grao e máster da UDC, a excepción da figura de coordinador/a de materia ou por formar parte da Comisión de Garantía de Calidade dun centro propio da UDC.

☐ Acreditación conforme desenvolveu funcións de avaliación da actividade docente do profesorado no marco do Programa Docentia ou de programas análogos doutras universidades ou axencias de calidade nos últimos cinco anos.

☐ Acreditación conforme formou parte de comisións ou paneis de avaliación de títulos oficiais en universidades ou axencias de calidade nos últimos cinco anos.

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Solicito participar no proceso de selección do profesorado da UDC que cubrirá a praza de titular 1 do Comité de Avaliación Docente da rama de Artes e Humanidades no marco da XV convocatoria do Programa Docentia

....., ...de .....de 2026

(sinatura)

Sr. Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización
Presidente da CIU

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: N9EV89BTSMFLC2CO75EUR2C6
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 10/11/2026 13:39:20 Página 10 de un total de 10 página(s).